



D. Antonio Golpe Díaz,

**Concelleiro de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas**

Prezado Concelleiro,

Dende a Federación Comarcal de Ferrolterra de ANPAs de Centros Públicos (FEANPAs) queremos trasladarlle a preocupación das familias ás que representamos en relación coa **organización e funcionamento do servizo de comedor escolar e das actividades extraescolares para o curso 2021-2022**.

No que atinxe ao servizo de comedor escolar, se establece no regulamento deste servizo que **“o horario de entrada do comedor no servizo de almorzo non poderá ser posterior ás 8:00, agás no caso do CEIP A Laxe que neste caso non poderá ser posterior ás 08:30.”** A introdución desta restrición no regulamento **limita considerablemente a posibilidade de conciliación** das familias usuarias do comedor, sendo precisamente esa necesidade de conciliar o motivo principal de solicitude deste servizo.

Por outra banda, en relación coa **App “ColeChef”**, aínda que valoramos positivamente a súa posta en funcionamento por entender que pode facilitar as familiar usuarias as xestións relativas ao servizo de comedor, temos que trasladar as queixas das familias pola **pouca información recibida** así como polas **dificultades** coas que se atoparon (as familias de alumnado becado, dun xeito especial) para poder **xestionar a súa asistencia**, o que provocou que quedaran sen servizo de comedor os primeiros días. Tamén **consideramos que o prazo de 48 horas establecido para a xestión da asistencia é demasiado amplo e dificulta a resolución de incidencias de forma áxil**.

En relación ás **actividades extraescolares**, temos que manifestar o noso **malestar por non teren convocado ás familias** ás reunións mantidas coas direccións dos centros, cando somos a principal parte interesada nestes servizos. Tivemos que recibir a información ben pola prensa ou ben por medio das equipas directivas dos centros.

Unha vez coñecidas as instrucións para a súa organización, atopamos varios aspectos que consideramos deberían revisarse. En primeiro lugar, **o feito de que so se oferte unha actividade para cada un dos grupos burbulla establecidos nos centros, que xera unha clara falta de oportunidade** para aquel alumnado que teña intereses por unha actividade diferente á ofertada. Ademais, a **obriga de ter un mínimo de 5 participantes por grupo burbulla dificulta a formación dos grupos no caso de intereses dispares, especialmente nas aulas con pouco alumnado**, o que resultará en que clases enteiras queden sin acceso ás actividades.

Entendemos e compartimos a preocupación e unha certa sobre protección do noso alumnado ante a posibilidade de contaxios, pero **consideramos que os grupos burbulla deben establecerse dentro da propia organización das actividades, sen restricións previas para o acceso ás mesmas**, tal e como sucede noutras actividades sen relación co centro escolar nas que puideran participar.



Por último, **non entendemos a supresión da oferta de xadrez** nos centros escolares, cando neste caso son as mestras-es os que se desprazan, manténdose os grupos burbulla inalterados. Parece lóxico pensar que o control sanitario destes formadores non presentaría especiais dificultades. A supresión desta oferta **supón un dobre dano, en primeiro lugar para o alumnado polos beneficios que achega esta actividade, e segundo para os propios centros que perden un incentivo para poder atraer nova matrícula.**

**Agardamos que estas cuestións sexan tidas en conta coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos referidos no presente escrito.**

Quedamos á espera dunha pronta resposta pola súa parte.

Ferrol, a 18 de setembro de 2021.

A PRESIDENTA DA FEANPAs.

Asdo. Lorena Dapena Merlán